



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral

Materia	Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral			
Código	O05G120V01933			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Profesorado	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Correo-e	visarmiento@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a identificación, prevención, deseño e intervención psicoeducativa nas dificultades de aprendizaxe da linguaxe oral en nenos e nenas con distintos ritmos de aprendizaxe.			

Competencias

Código	
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
C21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no periodo 6-12
C22	Relacionar la educación con el medio, y cooperar con las familias y la comunidad
C41	Valorar a relación entre matemáticas e ciencias como un dos alicerces do pensamento científico
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das linguas oficiais de estudantes doutras linguas
C53	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes
C54	Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical
C57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
D1	Capacidade de análise e síntese

D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar as dificultades no ámbito da linguaxe oral, informais e colaborar no seu tratamento e investigación.	B1 B2 B5 B6	C7 C8 C9 C22 C43 C45 C48 C49 C53 C54 C57	D1 D2 D6 D7 D8 D9 D15
Adquirir recursos que permitan a resolución de situacións educativas que afectan a nenos e nenas con dificultades na aprendizaxe oral.	B1 B6 B11	C8 C43 C44 C45 C46 C49 C53 C54	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D15 D16
Deseñar e aplicar diferentes estratexias e métodos de prevención e intervención psicoeducativa que permitan, en colaboración con profesionais especializados, favorecer o desenvolvemento da linguaxe oral na aula.	B1 B3 B5 B6 B11	C8 C9 C21 C22 C41 C43 C44 C48 C49 C54 C65	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D15 D16

Contidos

Tema	
Marcos teórico-conceptuais das dificultades de aprendizaxe da linguaxe oral	Contextualización histórica. Enfoques teóricos. Conceptos básicos.
As dificultades no ámbito da aprendizaxe da linguaxe oral	Conceptualización. Dimensións. Bases anatomofisiolóxicas. Tipoloxías.
Procedementos de avaliación psicoeducativa da linguaxe oral e de identificación das dificultades	Aspectos previos. Probas de avaliación. Avaliación das dificultades de comunicación no TEA. Avaliación dos trastornos de articulación. Avaliación das dificultades asociadas á Discapacidade Auditiva. Avaliación dos trastornos da fluidez verbais. Avaliación dos trastornos do desenvolvemento da linguaxe. Avaliación dos trastornos da voz
Procedementos de intervención no contexto da aprendizaxe da linguaxe oral e as súas dificultades	Aspectos previos. Intervención nas dificultades de comunicación no TEA. Intervención nos trastornos de articulación. Intervención nas dificultades asociadas á Discapacidade Auditiva. Intervención nos trastornos da fluidez verbais. Intervención nos trastornos do desenvolvemento da linguaxe. Intervención nos trastornos da voz.
Métodos e procedementos de investigación e intervención no ámbito da aprendizaxe da linguaxe oral e as súas dificultades	Contextualización. Investigación previa. Novas tendencias. Aplicación prácticas no contexto educativo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

Lección maxistral	30	0	30
Traballo tutelado	7.5	29.5	37
Aprendizaxe colaborativa	13	68	81
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividades expositivas de profesor e estudante. Exposicións, seminarios, presentación de exercicios, traballos ou proxectos a desenvolver.
Traballo tutelado	Resolución de actividades na aula baixo a dirección do profesor.
Aprendizaxe colaborativa	Análise e propostas de intervención en casos con dificultades na comunicación e linguaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Presentación da temática
Aprendizaxe colaborativa	Traballos colaborativos dirixidos a profundizar na temática
Traballo tutelado	Resolución de casos prácticos de trastornos da linguaxe e a comunicación

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Traballo práctico na aula arredor dos contidos da materia	20	B1 B6 B11	C43 C53	D1 D2 D7 D8 D9 D15 D16
Aprendizaxe colaborativa	Análise e estudo de casos prácticos relacionados cos contidos da materia	50	B1 B5 B6	C9 C44 C53	D1 D2 D8 D9 D15 D16
Exame de preguntas obxectivas	Proba obxectiva con respostas alternativas	30	B1 B2 B6	C9 C45 C46 C49 C53 C54 C57	D2 D3 D6 D7 D15

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade dentro do espazo "datas de exames".

Os traballos entregaranse na mesma semana en que se termine o tema e de forma previa ao comezo do tema seguinte.

Para superar a materia é necesario ter aprobadas a parte teórica (avaliada coa proba obxectiva) e todas as actividades da parte práctica (inclúe traballos de aula, resolución de problemas/exercicios e estudos de caso/resolución de problemas).

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas, polo tanto, nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Na plataforma Moovi informarase das tarefas

e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alegre, J.R. & Pérez, M., **Guía práctica de los trastornos del lenguaje: descripción e intervención.**, Lebón, 2008

Clemente, R.A., **Desarrollo del lenguaje: manual para profesionales de la intervención en ambientes educativos.**, Octaedro, 2009

Diéguez-Vide, F. & Peña-Casanova, J., **Cerebro y Lenguaje: sintomatología neurolingüística.**, Panamericana, 2012

Peña, J., **Manual de logopedia.**, Masson, 2013

Bibliografía Complementaria

Acosta, V. & Moreno, A., **Dificultades del lenguaje en ambientes educativos. Del retraso al trastorno específico del lenguaje.**, Masson, 2001

Bustos, I., **Trastornos de la voz en edad escolar.**, Aljibe, 2000

Del Río, M.J. & Torres, V., **Lenguaje y comunicación en trastornos del desarrollo.**, Prentice-Hall, 2006

González, J.N., **Alteraciones del habla en la infancia. Aspectos clínicos.**, Panamericana, 2002

Mendoza, E., **Trastorno específico del lenguaje.**, Pirámide, 2016

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual/O05G110V01903

Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo/O05G110V01904

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).